

POEMAS con cariño.

“Deitado frente ao mar”



**ALUMNOS E ALUMNAS
CEIP “MANUEL FRAGA IRIBARNE” DE CARIÑO**

Con agarimo

Con motivo do Día das Letras Galegas, a Concellaría de Cultura do Concello de Cariño sente unha gran satisfacción ao publicarse unha escolma de poemas compostos polos/as alumnos/as do C.E.I.P. do Concello.

O ano pasado publicou esta Concellaría unha serie de doce contos que evidenciaron as habilidades redactoras dos nenos/as do Colexio Público dende os máis pequenos da Etapa Infantil ata os que constituían hai un ano os niveis máis altos do Terceiro Ciclo de Primaria.

O libríño de poemas que nos regalan este ano é unha evidencia máis da facilidade e espontaneidade que os nenos e nenas teñen para versificar e mostran como os seus pensamentos e os seus sentimentos poden sernos comunicados baixo unha forma literaria distinta á do ano pasado, unha forma literaria máis rítmica, máis musical, máis cadenciosa, máis intimista e, quizais, máis profundamente sentida. Esta forma é a poesía.

Os nenos fan poesía, porque eles son poesía e fonte de inspiración poética para os adultos.

Este camiño que estamos a percorrer xuntos na publicación deste poemario é un máis na procura da normalización da LINGUA e é unha garantía de que a nosa Lingua non esmorecerá, senón que afortalecerá para escoitala, esplendorosa, mil primaveras máis.

A Lingua, en palabras de Castelao, “*creouna o xenio inolvidable do noso pobo e labrouna o amor, a dor e a ledicia de moitísimas xeracións. Unha lingua é máis ca unha obra de arte; é matriz inesgotable de obras de arte*”.

“O xenio do pobo” sodes vós, nenos e nenas de Cariño, por iso creades LINGUA, o sinal máis apreciado da nosa identidade.

Grazas! pola vosa creatividade e polo apoio e colaboración que vos prestan neste traballo os/as vosos/as profesores/as e polos folgos que vos dan os vosos pais, así coma pola axuda incondicional do Equipo Directivo do C.E.I.P. e do de Normalización Lingüística. Para todos vós, Comunidade Escolar, o recoñecemento e a gratitude deste Concelleiro de Cultura.

Cariño, 17 de maio de 2007

Asdo. O Concelleiro de Cultura

Manuel Varela Loureiro

Non é nada doado fomentar nos nosos nenos o uso da nosa lingua, do noso idioma.

Estamos nun mundo no que as súas afeccións video-xogos, debuxos animados, cómics, películas infantís son, na súa meirande parte ,elaboradas en castelán.

Ademais diso, son poucos os pais que falan galego cos seus fillos.

Sinto no meu interior que, ás veces, nos avergoñamos de sermos quen somos, desprezando algo que nos identifica coma pobo.

Nesta ocasión tentamos que os nosos nenos se expresasen en galego a través de poemas; que usasen a nosa lingua para ser poetas por un día, igual que fixo, xa hai oito séculos, o rei castelán Afonso X, a quen chamaban “O Sabio”, e que escolleu a nosa lingua por ser a máis fermosa para crear as súas “Cantigas”.

Temos que concienciarnos todos de que o noso é noso, tan bo coma o dos outros. Que a lingua é a mellor identificación dun pobo, e que un pobo que non fala non ten expresión.

Roberto Lage Lesta.
Coordinador do E.N.L. do C.E.I.P. “M.Fraga”
Cariño.

***“Lingoa proletaria do meu pobo,
eu fáloa porque si, porque me gusta,
porque me peta e quero e dame a gaña;
porque me sae de dentro, alá do fondo...”***

...falar a fala nai,
a fala dos avós que temos mortos...

...Eu fáloa porque si, porque me gusta
e quero estar cos meus, coa xente miña...”

“Deitado frente ao mar”
Celso Emilio Ferreiro.

OS DRAGÓNS

Os nenos de tres anos
ímonos presentar;
estamos encantados
de podervos saudar.

Somos a clase dos dragóns,
uns nenos moi fermosos;
damos apertas a montóns
e bicos agarimosos.

Pallasos, polbos,
trasnos, magos
e golfiños
son os nosos compañeiros
e amiguiños.

Alumnos e alumnas de 3 anos "A".

EI 3 ANOS



LUCIA



SERGIO



JAVIER



DIEGO



PAULA



IKER



PABLO



CARMEN



NOEMI



ALVARO



JAVIER



DONA SEMANA

O luns vimos ao cole
e cantamos cancións.

o martes xogamos no ximnasio
ao xogo dos animais.

O mércores pintamos
e tamén traballamos.
Gústanos a casiña
porque ten moitas cousiñas.

O xoves saímos ao patio
e facemos castelos de area.

O venres levamos o mandilón
porque o cole rematou.

O sábado e o domingo
cole xa non hai;
quedamos na casa
con papá e con mamá
e tamén xogamos
coa nosa irmá.

Alumnos e alumnas de 3 anos “B”.



A ESCOLA

Todos a calar,
imos empezar.
Saúdos pola mañá
bos días traerá.

A ficha imos facer:
caladiños e atender.

É hora de xogar
para logo merendar.
Ao recreo imos ir
para nos divertir.



O conto que imos contar
logo o tes que relatar.
Volvemos a ficha facer
do tempo que estamos a ter.

Xogamos outro pouquiño
e logo, todo recollidiño.
A fila imos facer
Para mañá volver.

Alumnos e alumnas de 4 anos "A".



ESCOLA



4 AÑOS A

UN ZOOLÓXICO NA CLASE

A Josemi gústanlle os cerviños
porque son doces e bonitiños.
Sergio conta ata tres,
e sae un dinosaurio Res.
O hipopótamo está no río
e Bea di que ten frío.
A nosa amiga María, na granxa,
montou nun poni laranxa.
As serpes son as favoritas de Juan
polo medo que dan.
A Marcos gústalle o león
e no fútbol é un campeón.
A Pablo, o dragón
mólalle un montón.
Xiana prefire o elefante
coa súa trompa por diante.
Ese mono ten unha mazá
que lle deu Jeffrey pola mañá.
A nécora do fondo do mar
agarda a Diego para xogar.

Alumnos e alumnas de 4 anos "B".

4 Aug "B"



KIKELA

Era unha señoriña
chamada Kikela
que era moi velliña
e bailaba con Camela.

Tiña unha casiña
de cor amarela
cunha veciña
e unha cadela.

Cosía a súa roupiña
debaixo dunha vela;
quería ser raíña
para cantar na Portela.

Imos á casiña
de cor amarela
ver a velliña
dona da cadela.

Alumnos e alumnas de 5 anos “A”.



KI KELA



CASINA



CADELA



CAMELA

GÚSTAME

Gústame a cara
da túa amiga Lara
porque está brillante
coma un diamante.

Gústame a boca de Miguel
porque é doce coma o mel.

Gústame o nariz de Pablo
porque parece un pavo.

Gústanme os ollos de Raúl
porque parécense aos do atún.

Gústame o pelo de Daniel
porque é liso coma o papel.

E colorín colorado,
este poema está rematado.

Alumnos e alumnas de 5 anos "B"



PERIQUIÑO FLAQUIÑO


A Periquiño Flaquiño
gústalle comer pouquiño.
Ás veces come un pasteliño,
pero só se é pequeniño.

Periquiño, tes que comer ! !

Tes que comer froita !
Tes que beber leite !
Tes que comer carne !
Tes que comer peixe !

Senón, Periquiño Flaquiño,
has quedar pequeniño !

Alumnos e alumnas de 1º “A”.



EU QUERO SER

Eu quero ser cabalo
para trotar polos campos
e saltar polos prados.


Eu quero ser esquío
para vivir nun bosque
e preto do río.

Eu quero ser golfiño
para nadar polos mares
e saltar con Pepiño.

Eu quero ser bolboreta
para voar atoladamente
e facer rir á xente.

Todos os nenos queren ser animais
para trotar e saltar,
para voar e nadar,
para rir e vivir.

Alumnos e alumnas de 1º “B”.




108

PRIMAVERA

Xorden flores
na primavera,
e as árbores abrochan follas;
os paxaros
xa rebulen,
os animais saen das covas.

As bolboretas,
cheas de encanto,
voan no sol
e no campo.

Alumnos e alumnas de 2º “A”.





Dedos de manteiga,

Imascina um diamante e

Alarga as suas mans.

Diamante é o seu amigo.


As mans negras, brancas e

Podem ser amarelas

Acarician e don

Zurme de paz.





A MIÑA VILA

A miña vila é costeira,
mariñeira e moi festeira.


A súa beleza, natural:
augas cristalinas,
praias divinas,
montañas milenarias,
rochas, minerais...,
fan de Cariño un lugar adorable
para os seus habitantes
e tamén visitantes.

O Cabo Ortegal,
unha paisaxe sen igual;
os tres Aguillóns,
un paraíso de excepción.

As festas, romarías
e a súa gastronomía,
fan de Cariño tal
un lugar moi especial.

As súas xentes agarimosas
farán que vos sintades moi ditosas.

Alumnos e alumnas de 3º "A".



AS CATRO ESTACIÓNS

A voltas, a voltas,
arredor do sol,
na terra se forman
as catro estacións.

pero, que é unha estación?
Pois é o tempo no que todo cambia mogollón.



Que é o verán?
É o tempo de folgar.
E quen está no ceo?
O sol amarelo
quentándonos polas mañás
a través das ventás,
cos seus raios estirados
parece estar encantado.

E que é o outono?
É cando nos atopamos todos
no colexio, capturados,
mirando fixo ao encerado,
que máis que un obxecto cadrado
é un campo por nenos traballado;
un matadeiro de brazos.



E que é o inverno?
Cando vai moito frío e vento.
E quen está no ceo agora
abaneándose coma unha gran señora?
Case sempre a lúa chea
xogando coas estrelas.



Ás veces fáltalle un cacho.
Comeríallo o gato?
Nós, como vai tanto frío,
comemos o cocido
dun animalíño gordo,
algo tonto e un pouco cocho.

E que é a primavera?
Pois cando a xente se altera.
Aparecen os amores
e tamén nacen as flores
que coas súas cores
adornan os arredores.
As macetas nos balcóns
saen tomar o sol.

E este poema rematou
porque non hai máis estacións.


Alumnos e alumnas de 3º "B".



MAR DE ESTRELAS

Oio cantar as ondas do mar.
Hoxe o ceo está azulado
e o mar despexado.
Ai as estrelas, amalas ao velas!
Coa lúa arredor
que bonito que é o amor!
Os barquiños van pescar
o peixe en alta mar.
Collen un, dous, tres
e un millar se o ves.
Os peixes nadan rapidamente
para escapar das redes e da xente.
Oio a auga caer
nos ríos que podes beber.
Oio no campo o vento,
oio no campo flores
- aínda non escarmento -
de cor doradas, moradas e ocre.
E, para rematar, imos cear
xa que sae o barco pola mañá.

Alumnos e alumnas de 4º A




AMIGA LÚA

A lúa está cansada,
na noite estrelada,
de xogar coas nubes
á pilla pillada.

Descansa luíña !
O sol xa saíu;
vai á túa camiña
e, pola noite,
volve a bulir !

As estrelas volven,
as nubes tamén
e, coa luíña,
todos veñen da camiña.

Elsa Ramil. 4º “ B”.



A NOSA LINGUA

O día das Letras Galegas
todos imos celebrar,
e o 17 de maio
en galego imos falar.

Na literatura galega
hai moitos escritores,
e con festa no Colexio
facémoslles os honores.

Esta lingua que ten festa ,
xa comeza cos romanos
unha vez foi nunha terra
que Gallaecia era chamada
xa nunha idade pasada.

A súa lingua era o galego
unha lingua milenaria
xa moi ben organizada.
Era avanzada a nosa cultura ,
tiña transporte e agricultura

Os monumentos fixeron
e as cidades creceron;
a lingua que na nosa terra se falaba
todo , todo o mundo imitaba
era moi boa e ben coidada estaba.

Gloria e Uxía de 5º “A”

Da miña lingua naceu outra
ben fermosa: O GALEGO




A LÚA

A Lúa viste de branco;
a lúa viste de azul.
A Lúa soamente chora
cando choras “tu”.

A Lúa mira desde arriba,
míranos a todos nós.
Míranos de día e de noite
e míranos se hai solpor.

Noelia Orosa. 5º “B”.



A MARÍA CAROU

Esta poesía
está dedicada
a María Mariño
a homenaxeada.

Unha muller célebre,
famosa escritora,
nacida hai tempo
na cidade de Noia.

Fágolle un poema
xa que estamos no seu día,
un dezasete de maio
chea de alegría.

Intento completar
versos deste poema
sobre María Mariño
pero non atopo o tema.

E con estas palabras
veño dicirvos adeus.
Acábase xa este curso;
ata sempre, amigos meus!

Ángela. 6º “A”.

A CARIÑO

Cariño vaiche gustar
porque ten praias e mar.


Tamén ten porto pesqueiro
no que hai moito diñeiro.

E o cabo do Ortegal
que non está nada mal.

E o monte Mazanteu
onde vou pasear eu.

Cariño é, sen igual,
un lugar moi especial.

Esther. 6º “A”.



As anduriñas


Ao chegar o calor,
de lugares moi quentes,
de negra e branca cor
uns paxariños veñen.

Pasan aquí o verán
e cando chega o frío
para algún outro lugar
vanse cos seus fillos.

Así todos os anos
deixan baixo os balcóns
os niños ben apegados
ata a pódima estación.

Gústame ver os pitiños
Cando lles traen os seus pais
a comida ata o niño...
e aínda queren máis !

Paola Rubido. 6º "B"



CONCELLO DE CARIÑO.

Concellaría de Cultura



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP “Manuel Fraga Iribarne”
Cariño A Coruña